

10. Gastos de publicidade: 5,42 € por liña publicada no *Diario Oficial de Galicia*. BOE: taxa/liña de título: 13,82 €. Taxa/liña de texto: 15,35€.

11. Data de envío do anuncio ao *Diario Oficial de la Unión Europea*: 24 de febreiro de 2011.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2011.

Cristina Ortiz Dorda
Secretaría xeral técnica de la Consellería
de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Anuncio do 16 de febreiro de 2011, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados Cristo, Luz e outros, solicitado a prol da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Meder, do concello de Salvaterra de Miño.

En cumprimento do disposto no artigo 28º do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60º.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise constar que:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte resolución:

Asistentes:

-Presidente: Gerardo Zugasti Enrique.

-Vogais:

Enrique Martínez Chamorro (xefe do Servizo de Montes).

Víctor Abelleira Argibay (avogado polo colexio da provincia).

Lorena Peiteado Pérez (letrada da Asesoría Xurídica da Xunta).

X. Carlos Morgade Martínez (representante das CMVMC da provincia).

-Vogais representantes das CMVMC de Meder:

Alejandro Manuel Rodríguez Rodríguez.

José González Pajarín.

-Secretaría: Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17.00 h do día 14-2-2011, coa asistencia das persoas á marxe citadas, réunese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en

Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados Cristo, Luz e outros, solicitado a prol da CMVMC de Meder, do concello de Salvaterra de Miño.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data de entrada 11-9-2009, Alejandro Rodríguez Rodríguez, en calidade de presidente da CMVMC da parroquia de Meder, concello de Salvaterra de Miño, presenta solicitude de clasificación dos montes denominados Cristo de 1.143,3 m², Luz de 1.762,3 m², Barreira de Nogueiró de 868,1 m² e Fontecova de 437,2 m², cunha superficie total de 4.210,9 m², como veciñais en man común a favor dos veciños da CMVMC de Meder, do concello de Salvaterra de Miño, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie e lindeiros.

Segundo.-O Servizo de Montes, o 22-1-2010 emite informe considerando identificadas as parcelas (aínda que expresa dúbidas sobre a inclusión de vías públicas nalgunha delas) e establecendo que as parcelas non están clasificadas.

Terceiro.-O Xurado de Montes en sesión celebrada o 22-2-2010 acordou a incoación de expediente de clasificación dos devanditos montes e a súa remisión ao Servizo de Montes para a elaboración do informe preceptivo de conformidade co establecido no artigo 20º do Decreto 260/1992.

Cuarto.-O 2-6-2010 o Distrito Condado-Paradanta emite informe sobre a parcela citada.

Quinto.-A rexistradora da propiedade de Redondela, en substitución da rexistradora de Pontearreas, certifica o 21-9-2010 que os montes citados da parroquia de Meder non figuran inscritos a nome de ningunha persoa nese Rexistro da Propiedade tal e como se describen.

Sexto.-Á vista da documentación que consta no expediente, as parcelas obxecto deste obedecen á seguinte descrición:

Concello: Salvaterra de Miño.

Parroquia: Meder.

Nome do monte: Monte do Cristo (parcela 160, polígono 68).

Cabida: 1.143,3 m² aproximadamente (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: Antonia Álvarez.

Sur: pista Roda-Cristo.

Leste: camiño Maceira-Cristo e recinto da capela do Cristo.

Oeste: M^a Luisa Estévez Lage.

Nome do monte: Barrio da Luz (parcela 5029, polígono 62).

Cabida: 1.762,3 m² aproximadamente (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: camiño público a cemiterio.

Sur: herdeiros de Eugenia Paramés.

Leste: camiño público a cemiterio.

Oeste: camiño público a cemiterio.

Nome do monte: Barreira de Nogueiró (parcelas 94 do polígono 66 e 587 do polígono 71).

Cabida: 868,1 m², aproximadamente (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: Manuel Veiga Veiga.

Sur: camiño público.

Leste: Alberto González Grandal.

Oeste: Manuel Veiga Veiga.

Nome do monte: Fontecoba (parcela 59 do polígono 66).

Cabida: 437,2 m², aproximadamente (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: propiedades particulares de Manuel Veiga Veiga, M^a Ermita Veiga Vidal, Pilar Rodríguez Rodríguez e María Veiga.

Sur: propiedades particulares de M^a Ermita Veiga Vidal, Adelaida Veiga Vidal.

Leste: estrada local Nogueiró-Roda.

Oeste: propiedades de Alberto González Grandal.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9º da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co artigo 1º da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1º do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, débese entender por montes veciñais en man común «...os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños».

Así, segundo establece literalmente este artigo e corrobora abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación como veciñal dun determinado

terreo, en vía administrativa, é a circunstancia de terse acreditado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.-A acreditación do aproveitamento a prol dos veciños da parroquia de Meder establécese por varios indicios e probas:

Parcela Monte do Cristo.

1. Monte acreditado, como Cristo das Gándaras, como emolumentos do común do Libro Real de Legos do Catastro do Marqués de la Ensenada de 1753.

2. Terreo que linda polo leste con terreo da igrexa onde está situada unha capela, á cal lle dá acceso. Os lindes de ambas as dúas parcelas están claramente delimitados por marcos, como demostra a comunidade e como tamén se recollen na ficha do Inventario de bens municipais, que presenta a comunidade. A parcela linda polo oeste con predios particulares, ás cales lles dá acceso, e polo leste e sur con vías públicas asfaltadas que a comunidade excluía da superficie solicitada.

3. O terreo ten un uso veciñal sociorecreativo e forestal, con aproveitamento de leñas, como se deduce do seu estado actual, de acordo coa documentación presentada pola comunidade.

4. En 2003 a CMVMC de Meder presenta denuncia no cuartel da Garda Civil de Salvaterra contra unha veciñal lindante pola corta de tres carballos.

5. O Concello de Salvaterra de Miño non compareceu nin alegou en contra da clasificación desta parcela a prol da CMVMC de Meder, o cal leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal da parcela.

Parcela Barrio da Luz.

6. Parcela destinada pola CMVMC de Meder a aparcadoiro do cemiterio, que está situado nun predio lindante. As obras consistiron na nivelación da parcela e na dotación de asfaltado e valado de madeira por dous dos seus ventos. Un fito chantado nun lado do aparcadoiro inclúe unha placa coa seguinte inscrición: Comunidade de Montes de Meder. Aparcadoiro cemiterio. Ano 2007. A comunidade presentou a factura e o comprobante bancario do aboamento desta obra. A parcela ten evidente uso social.

7. O Concello de Salvaterra de Miño non compareceu nin alegou en contra da clasificación desta parcela a prol da CMVMC de Meder, o cal leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal da parcela.

8. A parcela está rodeada por tres ventos de vías públicas asfaltadas que a CMVMC excluía da superficie solicitada.

Parcela Barreira de Nogueiró.

9. Monte acreditado, co mesmo nome, como emolumentos do común do Libro Real de Legos do Catastro do Marqués de la Ensenada de 1753.

10. O terreo está dividido en dúas parcelas por unha vía pública asfaltada á cal a CMVMC de Meder renuncia, pois alega que foi incluída por erro na planimetría, por constituír antigamente un único terreo. A parcela do leste, máis grande, está ocupada por un parque infantil e perfectamente delimitado do predio particular lindante. A parcela do oeste, máis pequena, é utilizada polos veciños de depósito de materiais. As dúas parcelas teñen evidente uso recreativo, segundo se desprende da documentación presentada pola comunidade.

11. O Concello de Salvaterra de Miño non compareceu nin alegou en contra da clasificación desta parcela a prol da CMVMC de Meder, o cal leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal da parcela.

Parcela Fontecova.

12. Próxima á anterior, está abeirada por unha vía pública asfaltada, que a CMVMC de Meder deixa fóra da superficie solicitada.

13. O seu uso é a pasto nunha parte e a uso forestal noutra, con acceso a predios lindantes. Contén un pozo ao cal un manancial escaso pero constante abastece de auga con destino a predios lindantes e ocasionalmente aos servizos antiincendios, segundo se desprende da documentación presentada pola comunidade.

14. A parcela está perfectamente limitada por marcos e postes cos predios lindantes.

15. A CMVMC de Meder presenta copias de escritos dos veciños en 1996 perante o concello e a Garda Civil de Salvaterra de Miño denunciando a apropiación de parte da parcela por un veciño lindante.

16. O Concello de Salvaterra de Miño non compareceu nin alegou en contra da clasificación desta parcela a prol da CMVMC de Meder, o cal leva implícito o recoñecemento do seu carácter veciñal.

Cuarto.-A parcela Monte do Cristo compatibiliza o uso forestal co social; a parcela Fontecova integra uso gandeiro con forestal; a parcela Barrio da Luz ten un claro uso social e a parcela Barreira de Nogueiró un evidente uso recreativo, segundo se desprende da documentación presentada pola comunidade. Todos eles están incluídos nos usos veciñais tradicionais, como demostra abundosa xurisprudencia e singularmente a Sentenza 1239/2002 da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón, e o Xurado de Montes acorda por unanimidade:

Clasificar como veciñal en man común as parcelas denominadas Monte do Cristo, Barrio da Luz, Barreira de Nogueiró nesta parcela se exclúe da clasificación a vía asfaltada que atravesaba a parcela de norte a sur, e

Fontecova a prol dos veciños da CMVMC de Meder do Concello de Salvaterra de Miño, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto, e planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable desta resolución.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8º e 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 16 de febreiro de 2011.

Gerardo Zugasti Enrique
Xefe territorial de Pontevedra, presidente do
Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Pontevedra

Anuncio do 28 de febreiro de 2011, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se empra a interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PES-OU-48-2010-V.

De conformidade co disposto no artigo 61º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ao non ser posible a súa notificación polo servizo de correos, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.



A comparecencia deberase efectuar no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico Administrativo da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, sita na rúa Florentino L. Cuevillas, nº 4 e 6 baixo, (Ourense), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Ourense, 28 de febreiro de 2011.


Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Xefe territorial de Ourense

Monte do Cristo. Escala 1:1.000




Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
 É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto".

Barrio da Luz. Escala 1:1.000



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
 É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto".

Barreira de Nogueiro e Fontecova. Escala 1:2.000



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto".



Marzo-2.010

ESCALA : 1/2.000

Nº de plano:
3 de 3.

BARREIRA DE NOGUEIRO E FONTECOVA, SUPERFICIE= Ver resolución do Xurado de Montes.
COMUNIDADE: CMVMC DE MEDER. CONCELLO DE SALVATERRA.